



ANA BEGOÑA MERINO GIL, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE REDONDELA

CERTIFICO: Que o Pleno do Concello, na sesión número 22, con carácter extraordinario celebrada o vinte e dous de decembro de 2015, aprobou, entre outros, o seguinte asunto:

**“3 ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO. MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE:
3.3 SOBRE USO DE VOCABULARIO INCLUSIVO NO CONCELLO DE REDONDELA.”**

ANTECEDENTES

Na publicación do BOE do 7 de xaneiro de 2014, do Concello de Redondela, referente á convocatoria para prover varias prazas.

Ditas prazas ofertadas pola entidade pública aparecían todas en masculino como a de “traballador social” ou “operario de xardíns”, exceptuando a de “limpadora”. Podemos deducir disto que, para o Concello de Redondela, só existen limpadoras mulleres, este Concello está perpetuando uns roles sexistas dende unha institución pública. Está a seguir a política contra a muller que marca o Goberno do Partido Popular.

Este emprego de palabras discriminatorio por parte do goberno local do Partido Popular ademais de ter un carácter retrógrado, baseado en prexuízos, é machista e trata de inculcar á sociedade uns valores que van en contra da igualdade e da liberdade.

Toda institución pública debe promocionar os valores de igualdade entre homes e mulleres e contribuír a corrixir as desigualdades xa existentes, sen excluír a ningún.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO:

Que se empregue vocabulario inclusivo en toda a documentación oficial do Concello de Redondela.

INTERVENCIÓNS (...)

VOTACIÓN E ACORDO

A parte dispositiva da moción é aprobada, suprimindo a exposición de motivos, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo dezoito votos a favor (8 do PP, 5 do PsdeG-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG).

E, para que conste, expido e asino a presente certificación, coa advertencia sinalada no artigo. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de atoparse pendente de aprobación a acta que contén este acordo, e a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, de orde e co visto e praxe do alcalde, en Redondela a 29 de decembro de 2015

Documento asinado electronicamente na marxe

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894